



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2018/6, ORDINARIA, REALIZADA O XOVES 27 DE SETEMBRO DE 2018 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO (PP)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PP

MARGARITA RAMILO VARELA

FLORINDA DUARTE GERPE

CARLOS BARBEITO REY

JOSE MANUEL MONTES MARTINEZ

RUBEN REGUEIRA MOAR

ALFONSO GARCIA GONZALEZ

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

PATRICIA BLANCO FIDALGO

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES (Incorpórase á sesión ás 12:11 horas)

PABLO COUTO LOPEZ

JOSE FRANCISCO ORGEIRA CAMPELO

CANDELA RODRIGUEZ LADO

Grupo municipal mixto

CESAR MANUEL BERGONDO TRILLO (ACC/SON)

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretario do Concello:

DIEGO GARCIA DOVAL

HORA DE INICIO: 12:05

HORA DE REMATE: 12:59

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:05 do xoves 27 de setembro de 2018, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 24 de setembro de 2018 e segundo acordo plenario do 9 de xullo de 2015, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense en sesión 2018/6, ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

1-. Aprobación da acta da sesión anterior (5/2018, ordinaria, do 26 de xullo de 2018)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de solicitude á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de autorización para a declaración da desafectación en relación aos usos de vivenda e demais escolares das dúas vivendas restantes adscritas ao CPI Vicente Otero Valcárcel.
 - 3.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para levar a cabo a Modificación de Créditos 4/2018, modalidade de Crédito Extraordinario 1/2018 para a aplicación do Superávit Orzamentario para amortizar débeda.
 - 4.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para a aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2017 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.
 5. -Proposta da Alcaldía ao Pleno para a ratificación da solicitude de adhesión ao convenio subscrito o 09 de agosto de 2018 entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.
 - 6.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para a fixación de festas laborais locais para 2019
- Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación**
- 7.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
 - 8.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
 - 9.-Rogos e preguntas.

PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (5/2018, ORDINARIA, DO 26 DE XULLO DE 2018)

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 5/2018, ordinaria, do 26 de xullo de 2018.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA DE AUTORIZACIÓN PARA A DECLARACIÓN DA DESAFECTACIÓN EN RELACIÓN AOS USOS DE VIVENDA E DEMAIS ESCOLARES DAS DÚAS VIVENDAS RESTANTES ADSCRITAS AO CPI VICENTE OTERO VALCÁRCCEL.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 18 de setembro de 2018, como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de solicitude á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de autorización para a declaración da desafectación en relación aos usos de vivenda e demais escolares das dúas vivendas restantes adscritas ao CPI Vicente Otero Valcárcel.

Logo de ver o informe emitido o 18 de setembro de 2018 por D^a Florinda Duarte Gerpe, concelleira de educación, traballo e benestar do Concello de Carral, como segue:

“Dona Florinda Duarte Gerpe, Concelleira de Educación do Concello de Carral

INFORMA:

Que dende esta concellería estamos interesados en solicitar a desafectación das dúas vivendas dos Mestres situadas no recinto do CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral que na actualidade no se están utilizando por parte da Consellería de Educación.

De tal xeito pasamos a detallar as dúas vivendas pendentes da desafectación dado que todas as outras vivendas xa está concedida a desafectación por esa Consellería.

Solicitamos a desafectación de:

*A vivenda número 13 que en catastro corresponde co número 11.
E a vivenda número 8 que en catastro corresponde co número 13.*

P ara todo isto é necesario realizar as oportunas solicitudes á Xunta previo acordo plenario.”

*Logo de ver a disposición adicional 15^a.2 in fine da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, segundo a cal, ” 2. La conservación, el mantenimiento y la vigilancia de los edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial, corresponderán al municipio respectivo. **Dichos edificios no podrán destinarse a otros servicios o finalidades sin autorización previa de la Administración educativa correspondiente”.***



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Logo de ver, asemade, o Decreto 250/1988, do 21 de xullo, polo que se regula o dereito a casa-habitación destinada a profesores de Educación Xeral Básica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo artigo 6 establece que " A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a petición dos concellos, poderá declarar a desafectación das vivendas cando estas non sexan necesarias para o fin para o que foron afectadas e sempre que no dito edificio non funcione unidade escolar".

Logo de ver que cada vivenda conta con números diferentes no Catastro, no padrón e nas súas fachadas, e que as vivendas ás que se refire esta solicitude son as dúas pendentes de desafectar (número 13 que en catastro corresponde co número 11, e número 8 que en catastro corresponde co número 13, segundo o devandito informe).

Logo de ver, por outra banda, a certificación catastral descriptiva e gráfica emitida o 18 de setembro de 2018, na que se sinalan en verde as dúas vivendas ás que se refire esta solicitude (todas elas incluídas dentro do inmovible con referencia catastral 2462506NH5826S0001DE), que figura de titularidade do Concello de Carral ao 100,00% de propiedade.

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), b) e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), previo ditame da Comisión Informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que adopte o seguinte acordo:

Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a autorización para a declaración da desafectación en relación aos usos de vivendas e demais escolares das dúas vivendas pendentes adscritas ao CPI Vicente Otero Valcárcel (nº 8-13 no Catastro- e 13 -11 no Catastro).".


A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 6/2018, ordinaria, do 24 de setembro de 2018, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor (cinco dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e tres dos señores concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión), e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).

DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto (ACC/SON)) lembra que nunha moción que presentou o seu grupo xa se solicitaba que o uso das vivendas fose municipal e para a veciñanza, polo que amosa a súa leducia por que se solicite en relación ás que quedaban pendentes. Por outra banda, manifesta que espera que o use que se lles dea sexa para o ben de todos os veciños.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que o seu grupo está a favor da proposta, mais opina que é unha mágoa que non se fixese hai anos, para poder instalar alí o Instituto.

O señor Alcalde indica que podería ter ido alí se en 2006 se tivese aprobado a unidade de actuación 4 (UA4), que lembra que foi proposta polo grupo do PP e rexeitada por todos os demais.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as doce señores/as concelleiros/as presentes neste intre na sesión (os/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, os/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión neste intre, e o señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando o seguinte acordo:

Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a autorización para a declaración da desafectación en relación aos usos de vivendas e demais escolares das dúas vivendas pendentes adscritas ao CPI Vicente Otero Valcárcel (nº 8-13 no Catastro- e 13 -11 no Catastro).

3.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA LEVAR A CABO A MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 4/2018, MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018 PARA A APLICACIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO PARA AMORTIZAR DÉBEDA.

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 18 de setembro de 2018:

“Título: Proposta a Pleno

Expediente núm.: MC 4/2018, CE 1/2018

Procedemento: Modificación de Créditos, Modalidade de Crédito Extraordinario para a aplicación do Superávit Orzamentario para amortizar débeda

PROPOSTA DE ALCALDÍA

En relación co expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 4/2018 do Orzamento en vigor para destinar o superávit orzamentario a amortizar débeda, na modalidade de crédito extraordinario nº 1/2018, e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

Vista a posibilidade de aplicar o superávit orzamentario no exercicio 2017 a amortización de débeda a longo prazo, por Providencia de Alcaldía incoouse expediente para a aprobación dunha modificación de crédito mediante a modalidade de crédito extraordinario.

Visto que con data 18 de setembro de 2018, emitiuse informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía , non sendo necesario a elaboración do Informe de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Por iso, , o que subscribe eleva a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**,

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 4/2018, do vixente Orzamento municipal que adopta a modalidade de crédito extraordinario núm. 1/2018, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
011	91100	Amortización préstamos l/p	411.777,49 €	171.814,63 €	583.592,12 €

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de Tesouraría para Gastos Xerais resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Alta en concepto de ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	7	000	Remanente de tesourería para gastos xerais	171.814,63 €

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”.

No expediente consta, asemade, a memoria da Alcaldía subscrita o 18 de setembro de 2018 e o informe da Intervención, da mesma data, que se transcribe a continuación:

“**Título:** Informe de Intervención

Expediente núm.: MC 4/2018, CE 1/2018

Procedemento: Modificación de Créditos, Modalidade de Crédito Extraordinario para a aplicación do Superávit Orzamentario para amortizar débeda

INFORME DE INTERVENCIÓN¹

1 Non resultará obrigatorio incorporar un informe independente avaliando a estabilidade orzamentaria en devandita modificación, aínda que, recoméndase proceder a avaliar a mesma, partindo de previsións de liquidación do exercicio en que se



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Mediante Providencia de Alcaldía de data 18 de setembro de 2018, solicitouse informe desta Intervención en relación co expediente de modificación de créditos nº 4/2018 do Orzamento en vigor para destinar o superávit orzamentario a amortizar débeda, na modalidade de crédito extraordinario nº 1/2018, regulado no artigo o artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e nos artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional ;e o sinalado nas Bases 11 A 13 das de Execución do Orzamento municipal, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. En virtude do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade, ponse de manifesto o cumprimento dos seguintes requisitos:

Visto o Informe de Intervención para a Avaliación do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria na liquidación de 2017 de data 7 de marzo de 2018, entendida nos termos do artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e aos efectos deste procedemento, o dato de Estabilidade orzamentaria arroxa un saldo en termos consolidados de 249.432,99 €, polo que **cumpre** o requisito de estabilidade orzamentaria positiva.

Sendo o dato do importe do Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais a 31 de decembro de 171.814,63 €, **cumpre** o requisito de Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais positivo.

Sendo o importe da débeda viva existente da entidade a 31 de decembro de 2017 de 3.022.639,59 €.

Visto o anterior e en virtude do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o importe do superávit aplicable será o menor entre o superávit orzamentario calculado segundo os criterios de contabilidade nacional ou, se fose menor, o Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais, sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit, o que supón a posibilidade de aplicar 171.814,63 € a amortizar débeda.

SEGUNDO. Vista a Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para a aplicación das regras especiais para o destino do superávit orzamentario, determínase que dita entidade **incumpre** os seguintes requisitos:

O Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais axustado, descontado o efecto das medidas especiais de financiamento instrumentadas no marco do Plan de Pago a Provedores sexa positivo na liquidación do

requira efectuar a mesma. Se se deriva una situación de inestabilidade como consecuencia de devandita modificación orzamentaria financiada co remanente de tesouraría para Gastos Xerais, o artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, impón a obligación de aprobar un plan económico-financeiros **na liquidación do orzamento**.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

exercicio 2017, nos termos que establece a Disposición adicional centésima décimo octava da Lei 6/2018, de 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

Sendo o importe da anualidade en liquidación dos préstamos formalizados e vixentes co Fondo para o Financiamento dos pagos a Proveedores de 409.429,20€, o Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais axustado ascende a - 237.614,57 €, polo que se **incumpre** o requisito de Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais axustado positivo.

A Débeda Viva sexa inferior ao límite legal de conformidade co réxime de autorización do artigo 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (inferior ao 110% sobre os ingresos correntes liquidados no exercicio anterior), arroxando a entidade un dato de 76,21 % sobre os ingresos correntes liquidados, polo que **cumpre** o requisito de débeda viva.

O período medio de pago a provedores que non supere o límite legal previsto na normativa de morosidade (30 días), sendo o dato da entidade a 31 de decembro de 2017 28,76 días, polo que **cumpre** o requisito de período medio de pago a provedores.

Visto o anterior e en virtude da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, non resulta posible aplicar o superávit orzamentario a outro destino que non sexa amortizar débeda.

TERCEIRO. Á vista dos resultados arroxados por este Informe de intervención, conclúese:

O **cumprimento** dos requisitos do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O importe aplicable a amortizar débeda será de 171.814,63 €.

Polo que, en virtude do anterior, **infórmase favorablemente polo órgano Interventor para levar a cabo a modificación de créditos para a aplicación do superávit orzamentario para amortizar débeda** e en concreto, vistas e analizadas as operacións determínase que procede amortizar as seguintes:

	Capital pendente á data actual	Importe a amortizar
Operación de préstamo 1	1.944.788,63€	171.814,63 €

CUARTO. O resumo das aplicacións orzamentarias ás que se destinará o superávit orzamentario segundo o establecido no apartado anterior será o seguinte:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
011	91100	Amortización préstamos l/p	411.777,49 €	171.814,63 €	583.592,12 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Alta en concepto de ingresos

Aplicación: económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	7	000	Remanente de tesourería para gastos xerais	171.814,63 €

QUINTO. . O procedemento aplicable para a aprobación do seguinte expediente de modificación de crédito 4/2018, crédito extraordinario, será o seguinte:

A. Aprobación plenaria por mayoría simple dos seus membros, previo dictame preceptivo da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.

B. A tenor do artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL), serán de aplicación as mesmas normas sobre **información, reclamacións e publicidade** previstas no artigo 169 do citado texto legal, para a aprobación dos Orzamentos.

Por tanto, aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, nos termos establecidos no artigo 170.1 do TRLRFL.

C. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

D. Aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, o expediente será inserido no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese, e, resumido por capítulos, no da Provincia, ou no seu caso, no da Comunidade Autónoma Uniprovincial.".

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu en su sesión 6/2018, ordinaria, do 24 de setembro de 2018, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e con catro abstencións (dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).

DEBATE



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC-SON) considera una mágoa que o superávit se teña que usar para o pagamento de débeda e non para a realización de obras ou para outros usos. Engade que, na súa opinión, a mala xestión de atrás é a que provocou que o Concello teña esta débeda.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que, despois de tres anos falando disto, a súa opinión é coñecida, e lamenta ter que usar estas contías para o pagamento de débeda, que se achegou aos catro millóns de euros, e que agora ronda os dous. Por iso, anuncia que o seu grupo se vai abster.

O señor Alcalde explica que, para os grupos que aspiran a gobernar, é importante entender que este equipo de goberno está a deixar o Concello con menos débeda da que tiña, e que está reflectida nas correspondentes partidas orzamentarias. Explica que, cos fondos que provocaron a débeda fixéronse cousas, e que agora se está a reducir para que non haxa no seguinte mandato.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e con cinco abstencións (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes neste intre na sesión, e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC/SON)), adoptando os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 4/2018, do vixente Orzamento municipal que adopta a modalidade de crédito extraordinario núm. 1/2018, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
011	91100	Amortización préstamos l/p	411.777,49 €	171.814,63 €	583.592,12 €

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de Tesouraría para Gastos Xerais resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Alta en concepto de ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	7	000	Remanente de tesouraría para gastos xerais	171.814,63 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garante mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas

4.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTE AO ANO 2017 E RENDICIÓN DELA AO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA E AO TRIBUNAL DE CUENTAS.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 19 de setembro de 2018:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2017 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

Logo de formar a Intervención do Concello de Carral (A Coruña) a conta xeral correspondente ao exercicio de 2017, e de poñer as contas e a documentación complementaria que a integran a disposición dos/as membros da comisión especial de contas do Concello dende o 28 de xuño de 2018, en cumprimento do establecido no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a devandita comisión emitiu informe favorábel ao respecto na súa sesión realizada o 20 de xullo de 2018.

En cumprimento do establecido no art. 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, a conta xeral e o devandito informe da comisión especial de contas quedaron expostos ao público por prazo de 15 días dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 143, do 30 de xullo de 2018, durante os cales e oito máis os/as interesados/as tiveron a oportunidade de presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Dado que, segundo o informe emitido o 14 de setembro de 2018 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello, durante o devandito prazo non se presentou ningunha reclamación ao respecto, polo que non procede o seu exame pola comisión especial nin a emisión de novo informe,

PROPOÑO AO PLENO

a adopción dos seguintes acordos, en cumprimento do establecido nos artigos 212.4 e .5, e 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, da Lei 7/1988, de 5 de abril, de Funcionamiento do Tribunal de Cuentas, e 25.2 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia:

1.- Aprobar a conta xeral do Concello de Carral correspondente ao exercicio de 2017.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.- Rendir ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia a devandita conta xeral debidamente aprobada.”.

DEBATE

O señor Alcalde explica que a aprobación da conta xeral se propón para realizarse en prazo segundo a normativa aplicable.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) considera que as contas se refiren a orzamentos que non son participativos, polo que o seu grupo non vai votar a favor da súa aprobación, o que farán cando tales orzamentos sexan máis participativos para os grupos municipais e a veciñanza.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) remarca que na conta van reparos de Intervención porque non se fixeron as contratacións que neles se sinalan, e engade que non sabe se o Tribunal de Cuentas dirá algo ao respecto e mandará formalizar os correspondentes contratos. Manifesta que o seu grupo vai votar en contra da proposta.

[O señor Cetina Mochales incorpórase á sesión ás 12:11 horas].


O señor Alcalde recoñece que o informe da Intervención é claro ao respecto, e que son conscientes tanto o equipo de goberno coma a Corporación e os departamentos municipais correspondentes de que hai que sacar eses expedientes adiante. Manifesta que tales departamentos non o están a facer coa maior celeridade, porque sabe que os pregos son complexos e tamén está a mudar moito a normativa de contratación, mais non pode seguir levantando reparos e espera que estean no que queda de anbo pois, en caso contrario, terá que tomar outras medidas.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos en contra (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:

- 1.-** Aprobar a conta xeral do Concello de Carral correspondente ao exercicio de 2017.
- 2.-** Rendir ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia a devandita conta xeral debidamente aprobada.

5. -PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO SUBSCRITO O 09 DE AGOSTO DE 2018 ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a proposta da Alcaldía ao Pleno, do 19 de setembro de 2018, como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Ratificación da solicitude de adhesión ao convenio subscrito o 09 de agosto de 2018 entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Logo de ver o convenio de colaboración asinado o 09 de agosto de 2018 entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a sociedade mercantil pública autonómica, Empresa Pública de Servizos Agrarios Galego, S.A. (SEAGA) en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Logo de ver, en especial, as cláusulas terceira (adhesión voluntaria a este convenio dos concellos), cuarta (obrigas xerais dos concellos adheridos), e quinta (colaboración financeira para axestión da biomasa forestal dos montes incluídos nos concellos adheridos ao presente convenio).

Logo de ver o informe emitido o 14 de setembro de 2018 pola técnica en medio ambiente do Concello, María José Couto López, no que se conclúe que “(...) Se estima conveniente a adhesión ao citado Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias para una mellor eficacia nos traballos de prevención de incendios, entre eles a delimitación das redes secundarias de xestión de biomasa que se está realizando e no plan de prevención e defensa contra os incendios forestais que está en elaboración.

O Concello está en disposición de cumprir cas obrigas da cláusula 4ª do citado convenio.

Para o funcionamento das actividades recollidas no convenio se propón a aportación voluntaria anual seguinte:

Ano 2019	3000 euros
Ano 2020	3000 euros
Ano 2021	3000 euros
TOTAL	9000 EUROS

O cal se fai constar para que se tome en consideración aos efectos oportunos.”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Logo de ver o informe emitido o 14 de setembro de 2018 pola Interventora do Concello, no que se considera a proposta de adhesión "(...) sustentable financeiramente posto que conforme á cláusula cuarta.e) do Convenio, as únicas achegas económicas que asumirá o Concello :” realizar as achegas de financiamento que, no seu caso, se tivese voluntariamente comprometido a realizar na súa adhesión”. Propoñéndose, dende o departamento de Medio Ambiente do Concello de Carral, a través de informe da técnico M^a José Couto López, de 23 de agosto de 2018 [sic.], as seguintes aportacións económicas, que no comprometerían a situación económico-financiera do Concello:

Ano 2019	3.000,00 €
Ano 2020	3.000,00 €
Ano 2021	3.000,00 €
Total	9.000,00 €

SEGUNDO.-Á vista do anterior, areperción económico-financiera da subscripción do Convenio resulta asumible polo Concello, se ben, deberá asumirse, por parte da Corporación Municipal un compromiso firme de gasto de carácter plurianual para as anualidades 2019 a 2021, aumentando os porcentaxes a aportación, tal e como se recolle no Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) no seu artigo 174.1: “La autorización o realización de los gastos de carácter plurianual se subordinará al crédito que para cada ejercicio autoricen los respectivos presupuestos. 2. Podrán adquirirse compromisos por gastos que hayan de extenderse a ejercicios posteriores a aquel en que se autoricen, siempre que su ejecución se inicie en el propio ejercicio y que, además, se encuentren en alguno de los casos siguientes (...)e) **Transferencias corrientes que se deriven de convenios suscritos por las corporaciones locales con otras entidades públicas o privadas sin ánimo de lucro.** 3. El número de ejercicios a que pueden aplicarse los gastos referidos en los párrafos a), b) y e) del apartado anterior no será superior a cuatro. Asimismo, en los casos incluidos en los párrafos a) y e), **el gasto que se impute a cada uno de los ejercicios futuros autorizados no podrá exceder de la cantidad que resulte de aplicar al crédito correspondiente del año en que la operación se comprometió los siguientes porcentajes: en el ejercicio inmediato siguiente, el 70 por ciento; en el segundo ejercicio, el 60 por ciento, y en el tercero y cuarto, el 50 por ciento. (...)**5. En casos excepcionales el Pleno de la corporación podrá ampliar el número de anualidades así como **eleva los porcentajes** a que se refiere el apartado 3 de este artículo.(...)”

A aprobación de este gasto de carácter plurianual, cos novos porcentaxes de gasto, suporá o compromiso firme da Corporación de incluír en cada orzamento anual a achega comprometida”.

Logo de ver a orde do 9 de agosto de 2018 pola que se publica o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, publicada no DOG 156, do 17 de agosto de 2018, e que nela se indica que “(...) No exercicio 2018, primeiro ano de vixencia do convenio, as solicitudes de adhesión presentaranse dentro do prazo dun mes desde o día seguinte á publicación deste convenio de colaboración no Diario Oficial de Galicia”. Tendo en conta que o prazo de solicitude remataba o 17 de setembro de 2018, polo que foi presentada pola Alcaldía.

Por iso, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, en virtude das súas atribucións outorgadas polo artigo



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

22.2 da LRBRL, previo o ditame preceptivo da Comisión Informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS:

1.- DECLARAR: Que o Pleno do Concello ratifica a solicitude da Alcaldía, realizada o 17 de setembro de 2018, da adhesión ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

2.- MANIFESTAR: A vontade do Concello de Carral (A Coruña) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con subxección plena a todas elas.

3.- Aprobar o gasto de carácter plurianual proposto, coas novas porcentaxes de gasto, o que suporá o compromiso firme da Corporación de incluír en cada orzamento anual a achega comprometida.

4.- Facultar ao Señor Alcalde para a adopción dos actos necesarios para a execución da devandita adhesión ao convenio e das facultades e obrigas derivadas del.”.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 6/2018, ordinaria, do 24 de setembro de 2018, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)), e coa abstención dos tres señores concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión.

DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que a proposta é semellante a unha moción que ía presentar o seu grupo, e que espera que o Concello de Carral sexa admitido para poder gozar dos servizos de SEAGA.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) coida que é necesario, pois xa levan pedindo moito tempo que se realicen os roces necesarios arredor da correspondente franxa de seguridade. Engade que, porén, non ten claro a que se corresponderían os 3.000 € de achega anual do Concello, e se a Xunta de Galicia vai poñer o mesmo pois, na súa opinión, esa contía só chegaría para unha semana de tractor. Sen prexuízo diso e de que hai prevalencias diferentes para os concellos que se atopan en distintas situacións, manifesta que o seu grupo está a favor de que se poida executar o contido do convenio.

O señor Alcalde explica que participa a FEGAMP, á que están adscritos todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e que el asinou, para poder remitila en prazo, a solicitude de adhesión cuxa ratificación se solicita. Explica que no convenio,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

para cuxa execución se achegarían 3.000 € ao ano, diferencia as franxas de 50 metros que lindan cos núcleos de poboación, que son de competencia municipal, e a zona rústica para controlar os incendios forestais. Coida que co acordo entre SEAGA a Xunta de Galicia e a FEGAMP, se afrontarán as limpezas que o Concello solicite, aínda que Carral non vai entrar en 2018 e verase se o pode facer en 2019. Opina que, por unha parte, iso é mellor, porque iso se debe a que o municipio non está catalogado coma con grande risco de incendios e apenas ardeu nada nos últimos tempos. Reitera que xa advertiron que, por iso, Carral non entraría este ano, coma moitos outros concellos. Engade que, na súa opinión, a adhesión ao convenio dará facilidades a todos para que os roces e as limpezas se fagan máis rápido. Engade que, en calquera caso, se o Concello non estiver adherido ao convenio, calquera particular pode solicitar cortes a SEAGA a un prezo de 300 € por hectárea, mais que a adhesión facilitará as cousas.

O señor Couto pregunta se haberá que pagar os 3.000 € igualmente, ao que o señor Alcalde resposta que en 2019 si, mais que oxalá Carral siga sen ter focos de lume importantes, xa que, dende 2006, só ardeu maedia hectárea no Peito, grazas a Deus.

O señor Couto coida que é un prezo moi barato por uns vinte ferrados. A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP), pregunta se os veciños poden solicitar os servizos e teñen que pagar igual, ao que o señor Couto resposta que si, a uns 0,0035 céntimos por metro cadrado.

VOTACIÓN E ACORDO


Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación e que se atopan presentes neste intre da sesión, adoptando os seguintes acordos:

1.- DECLARAR: Que o Pleno do Concello ratifica a solicitude da Alcaldía, realizada o 17 de setembro de 2018, da adhesión ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

2.-MANIFESTAR: A vontade do Concello de Carral (A Coruña) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con subxección plena a todas elas.

3.- Aprobar o gasto de carácter plurianual proposto, coas novas porcentaxes de gasto, o que suporá o compromiso firme da Corporación de incluír en cada orzamento anual a achega comprometida.

4.- Facultar ao Señor Alcalde para a adopción dos actos necesarios para a execución da devandita adhesión ao convenio e das facultades e obrigas derivadas del.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

6.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A FIXACIÓN DE FESTAS LABORAIS LOCAIS PARA 2019

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 24 de setembro de 2018:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

ASUNTO: Proposta de fixación de festas laborais locais para 2019

Logo de ver que nestas datas aínda non se recibiu o habitual escrito remitido todos os anos polo Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, solicitando do Concello a proposta de determinación de festas laborais locais para o ano seguinte (2019), (de acordo co establecido no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo), e a súa remisión ao departamento territorial da devandita Consellaría, mais en previsión de tal requirimento.

Tendo en conta, porén, que o tradicional 08 de setembro (festa da Virxe do Socorro) coincide en 2019 en domingo, e que na cidade da Coruña se propuxeron coma festivos locais o Martes de Entroido (05 de marzo de 2019) e San Xoán (luns 24 de xuño de 2019). Tendo en conta que, a xuízo desta Alcaldía, é conveniente facer coincidir no posible os festivos locais na área metropolitana, para facilitar a conciliación familiar das persoas que viven en Carral e traballan noutro Concello da bisbarra ou viceversa.

En uso das atribucións que me conferen coma Alcalde os artigos 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, que, previo o preceptivo ditame da Comisión Informativa correspondente, coma órgano competente ao efecto, de acordo co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, adopte os seguintes **ACORDOS**:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas laborais locais de Carral (A Coruña) para o ano 2019:

-05 de marzo de 2019 (Martes de Entroido)

-24 de xuño de 2019 (San Xoán)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia antes da data que se indique pola súa banda.”.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 6/2018, ordinaria, do 24 de setembro de 2018, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e dos tres señores concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión) e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON).

DEBATE

O señor Alcalde indica que, como se explicou na comisión informativa, coa proposta téntase adaptarse ao decidido tamén pola cidade da Coruña, para facilitar as cousas na área metropolitana na que se atopa Carral.

Ninguén desexa realizar ningunha observación ao respecto.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que forman a Corporación e que se atopan presentes na sesión neste intre, adoptando os seguintes acordos:

1.- Proponer a fixación das seguintes festas laborais locais de Carral (A Coruña) para o ano 2019:

-05 de marzo de 2019 (Martes de Entroido)

-24 de xuño de 2019 (San Xoán)


2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia antes da data que se indique pola súa banda.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

7.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 20 de xullo de 2018 e o 24 de setembro de 2018 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta de dous reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das respectivas resolucións (nº 283/2018 e 320/2018) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
----	------	--------



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

281/2018	20/07/2018	ASUNTO: PROPUESTA DE GASSTO CORRESPONDENTE A CONTRATOS MENOR PARA CONTRATAR O DESBROCE E LIMPEZA DE PARROQUIAS NO MUNICIPIO CARRAL, POR UN TOTAL DE 66 KM
282/2018	20/07/2018	ASUNTO: COCNEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN A DONA RAQUEL TASENDE CRIADO, E/R DOS HERDEIROS DE DON RAMÓN RODRÍGUEZ E JOSEFA COUTA, DAS FINCAS CON REFERENCIA CATASTRAL 15021A501001980000EF E 15021A501001990000EM SITAS EN SANTA EULALIA DE CAÑÁS
283/2018	20/07/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURAS E LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO 4/2018, EMITIDOPOR LA INTERVENCIÓN MUNICIPAL O 20 DE XULLO DE 2018
284/2018	20/07/2018	ASUNTO: LICENZA DE OBRA PARA REFORMADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONTRUCCIÓN DE NAVES AGRÍCOLAS PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE CRÍA DE VISÓNS NO MONTE XALO.
285/2018	27/07/2018	ASUNTO:EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 40/2018
286/2018	27/07/2018	ASUNTO:EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 41/2018
287/2018	27/07/2018	ASUNTO: APROBACIÓN NÓMINAS MENSUAIS MES DE XULLO DE 2018
288/2018	27/07/2018	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA (XUÑO-2018)
289/2018	27/07/2018	ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "PAVEMENTACIÓN DE VIAIS NOS LUGARES DE SOBREPÍNEIRO, FORNOS, E A CABRA" (POS+2017),DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
290/2018	27/07/2018	ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "PAVEMENTACIÓN DE VIAL E BEIRARRÚAS NA RÚA DO PAN E RÚA ALCALDE FRANCISCO XAVIER ALVAJAR" (POS+2017),DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
291/2018	27/07/2018	ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "PAVEMENTACIÓN DE VIAIS NA BAILÍA E TARROEIRA DE SUMIO. CONCELLO DE CARRAL" (POS+2017),DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
292/2018	27/07/2018	ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "PAVEMENTACIÓN DE VIAIS EN LAVANDEIRA E AS TÁBOAS. CONCELLO DE CARRAL" (POS+ADICIONAL 1/2017),DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
293/2018	30/07/2018	ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN 10/2018, ORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (31-7-2018)
294/2018	31/07/2018	ASUNTO: CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) POLA VÍA DE URXENCIA A DON ANTONIO GARCÍA RODRIGUEZ
295/2018	02/08/2018	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000016406 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
296/2018	06/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 42/2018
297/2018	06/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 43/2018
298/2018	07/08/2018	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA (XULLO 2018).
299/2018	07/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 21/2018
300/2018	07/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 22/ 2018
301/2018	09/08/2018	ASUNTO:CONCESIÓN DA AMPLIACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA)A DONA MERCEDES GARCÍA GARCÍA , POLA VÍA DE URXENCIA
302/2018	09/08/2018	ASUNTO:CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE DON JOSÉ MANUEL DIAZ DIZ
303/2018	10/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 25/2018
304/2018	10/08/2018	ASUNTO:EXPEDIENTE FORESTALES 23/2018



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

305/2018	10/08/2018	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (AGOSTO 2018)
306/2018	13/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 44/2018
307/2018	13/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 45/2018
308/2018	14/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 24/2018
309/2018	14/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 46/2018
310/2018	16/08/2018	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000016525 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
311/2018	17/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 47/2018
312/2018	22/08/2018	ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIA SEMANAL NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE M ^a DEL CARMEN BELLO BREA
313/2018	22/08/2018	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000016554 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
314/2018	23/08/2018	ASUNTO: AUTOLIQUIDACIÓN TAXA AUTORIZACION VIAS PROVINCIAIS
315/2018	24/08/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA DA XUSTIFICATIVA DO ANTICIPO DE CAIXA FIXA 2/2018 E REPOSICION DO MESMO
316/2018	27/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 26/2018
317/2018	28/08/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DE GASTO CORRESPONDENTE A CONTRATOS MENORES PARA LEVAR A CABO A EXCURSIÓN Ó AQUAPARK DE CERCEDA O MARTES 28 DE AGOSTO DE 2018.
318/2018	28/08/2018	ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E DERRADEIRA DA OBRA PROXECTO DE MELLORA DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE SAN VICENTE DE VIGO E TABEAI O (FINANCIADA CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA, RESOLUCIÓN 18-5-2017; OUTORGAMENTO, RESOLUCIÓN 22-9-2017)
319/2018	28/08/2018	ASUNTO: APROBACION NÓMINAS MENSUAIS MES DE AGOSTO 2018
320/2018	30/08/2018	ASUNTO: APROBACION DE FACTURAS E LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO 5/2018, EMITIDO POR LA INTERVENCIÓN MUNICIPAL O 29 DE AGOSTO DE 2018
321/2018	30/08/2018	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 11/2018
322/2018	30/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 48-2018
323/2018	30/08/2018	ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN 11/2018, ORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (31-8-2018)
324/2018	31/08/2018	ASUNTO: INSCRIPCIÓN DE CAN EN REXISTRO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA (Nº 101 EXP R.P.-LOBITO-CRUCÉ-D ^a ALICIA CAÑÁS BLANCO
325/2018	31/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 49/2018
326/2018	31/08/2018	ASUNTO: COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR PERMISO PARA CONCORRER A EXAMES FINAIS (ART. 111 DA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA) OS DÍAS 4 A 7 DE SETEMBRO DE 2018 (AMBOS INCLUÍDOS) E POR VACACIÓNS (06 A 21 DE OUTUBRO DE 2018, AMBOS INCLUÍDOS).
327/2018	31/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 50/2018
328/2018	31/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 51/2018
329/2018	31/08/2018	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR 13/2018
330/2018	31/08/2018	ASUNTO: AUTORIZACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR 14/2018
331/2018	31/08/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 3/2018, XERACIÓN DE CRÉDITOS 2/2018
332/2018	03/09/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 27/2018
333/2018	06/09/2018	ASUNTO: APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA A FORMALIZACIÓN DO FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA EDIFICACIÓN PARA CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE CARRAL.
334/2018	10/09/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA PAVEMENTACIÓN DE VIAIS EN LAVANDEIRA E AS TÁBOAS, CONCELLO DE CARRAL (POS+2017 ADICIONAL 1/2017)
335/2018	10/09/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA PAVEMENTACIÓN DE VIAIS NA BAILÍA E TARROEIRA DE SUMIO. CONCELLO DE CARRAL (POS+2017)
336/2018	10/09/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA PAVEMENTACIÓN DE VIAIS NOS LUGARES DE SOBREPINEIRO, FORNOS E A CABRA (POS+2017)
337/2018	10/09/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA PAVEMENTACIÓN DE VIAL E BEIRARRÚAS NA RÚA DO PAN E RÚA ALCALDE FRANCISCO XAVIER ALVAJAR (POS+2017)
338/2018	11/09/2018	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000016708 ACUERDO INICIO 9BIS ACUERDO INICIO NO IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR
339/2018	11/09/2018	ASUNTO 995000000166 ACUERDO INICIO ACUERDOS SANCIONADORES DE TRÁFICO
340/2018	12/09/2018	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000016677 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
341/2018	12/09/2018	ASUNTO: RENOVACIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 16 (JESSICA OTERO TRIGO)
342/2018	12/09/2018	ASUNTO: RENOVACIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 17 (RICARDO DAVID ROMANO)
343/2018	13/09/2018	ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO DECRETO DA ALCALDÍA 342/2018, DO 12 DE SETEMBRO DE 2018, CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE DE TEDEEC 2018/G003/000345 REFERENTE Á RENOVACIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 17 (RICARDO DAVID ROMANO).
344/2018	13/09/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 52/2018
345/2018	13/09/2018	ASUNTO: AUTORIZACIÓN PAGAMENTO A XUSTIFICAR Nº 15/2018
346/2018	13/09/2018	ASUNTO: APROBACIÓN DA FACTURA F18 438 DE INFOBIBLIOTECAS S.L. POR IMPORTE DE 777,25 €
347/2018	17/09/2018	ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E DERRADEIRA DA OBRA PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO PARCIAL DO CONXUNTO ETNOGRÁFICO MUIÑOS COSTA DA ÉGOA E POSTA EN MARCHA DE DOUS MUIÑOS.
348/2018	17/09/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 53/2018
349/2018	18/09/2018	ASUNTO: DECRETO DE RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DR (P4613) A-12
350/2018	18/09/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 28/2018
351/2018	18/09/2018	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (SETEMBRO DE 2018)
352/2018	18/09/2018	ASUNTO: RENOVACIÓN DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS PERIGOSOS DE D. CARLOS ANDRADE GARCÍA (Nº 5)
353/2018	18/09/2018	ASUNTO: RENOVACIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 5 (EXP AMERICAN STAFFORDSHIRE-PARIS-CARLOS ANDRADE GARCÍA)
354/2018	18/09/2018	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA - (AGOSTO DE 2018)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

355/2018	18/09/2018	ASUNTO:CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 6/2018 (7/2018 DE COMISIÓNS INFORMATIVAS) ORDINARIA, 24-8-2018
356/2018	19/09/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 54/2018
357/2018	19/09/2018	ASUNTO:INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DE VIAL DE NOVAS A DP-2015, DE CARRAL A CABROIS (FINANCIADA CON CARGO A LA SUBVENCIÓN DE LA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DE LA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DE LA XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA, RESOLUCIÓN 15-12-2017; OTORGAMIENTO, RESOLUCIÓN 09-04-2018)
358/2018	20/09/2018	ASUNTO:CONVOCATORIA SESIÓN 12/2018, ORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (21-9-2018)
359/2018	21/09/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 29/2018
360/2018	21/09/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 30/2018
361/2018	24/09/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 55/2018
362/2018	24/09/2018	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 57/2018
363/2018	24/09/2018	ASUNTO:CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 6/2018, ORDINARIA, 27 DE SETEMBRO DE 2018

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que, no decreto 333/2018, polo que se aproba o convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o financiamento das obras dun Centro Social se indica que a xestión deste centro, logo de rematarse as obras, sería por concesión administrativa, e pregunta ao señor Alcalde se pode explicar o devandito convenio.

O señor Alcalde explica que o convenio se propuxo en xuño de 2018, mais que xa hai un exemplar posterior asinado. Considera que o Víctor Velasco está en desuso, e que é necesario un centro para maiores onde poidan estar e realizar actividades coma, por exemplo, obradoiros de memoria. Explica que a Xunta de Galicia outorga ao Concello 150.000 € para acondicionar o local para centro de maiores, mais que o equipo de goberno aínda ten que "*darlle máis voltas*", xa que non se tratará dun centro de día da Xunta de Galicia, pois sería custosísimo (o Concello tería que achegar uns 1.500 € por persoa e os usuarios case 800 ou 900 € para estar no centro de día). Así, o equipo de goberno, tras estar vendo instalacións semellantes en toda Galicia, plantexa que se poidan destinar a persoas que non teñan dependencia total, e que as atenda persoal que os entreteña con lecer, podoloxía, ou obradoiros de memoria, por exemplo, a prezos asequibles, de xeito que poidan estaren entretidos todo o día. Engade que a idea hai que traballala máis e que se solicitou un anticipo dos fondos correspondentes a 2018, esperando que a Xunta de Galicia comunique que se pode contratar o proxecto e logo a obra. En canto ao funcionamento do centro, indica que se falará máis adiante, e que a concellaría de Servizos Sociais ten propostas doutros Concellos. Reitera que, en calquera caso, a intención non é entrar no Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar coma centro de día, pos sería moi custoso para o Concello, as persoas usuarias e a Xunta de Galicia, do mesmo xeito cá Galiña Azul, para a que o Concello ten que achegar case 100.000 € ao ano, o que supón arredor do 30% dos seus custes, e que sería aínda máis custoso no caso das persoas maiores. Conclúe que agora están centrados en como se van facer as obras e logo verase e estudarase se a xestión a fará unha empresa de servizos ou persoal do Concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

8.-MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupos municipais mixto-ACC/SON e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.

8.1.-Moción do grupo municipal mixto-ACC/SON para a "creación/modificación de ordenanza para a regulación de venta particular de vehículos en espazos públicos".

EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) presentou por escrito (registro de entrada n.º 2.027, do 27 de setembro) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

"Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE CARRAL

O concelleiro da Asemblea de Carral e voceiro do grupo municipal, Césa Bergondo, formula a seguinte
MOCIÓN CREACIÓN/MODIFICACIÓN DE ORDENANZA PARA A REGULACIÓN DE VENTA PARTICULAR DE VEHÍCULOS EN ESPAZOS PÚBLICOS, ao obxecto de ser incluída na rode do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

Exposición de motivos

Dende a Asemblea de Carral queremos propor a creación dunha ordenanza ou modificación dalgunha das que xa existen para a regulación da venta de vehículos en Espacios Públicos.

Dende fai un tempo estan aparrecendo vehiculos a motor como cartaz de "se vende" coincidindo en todos eles o mesmo número de teléfono. Este vehículos están estacionados durante espazos de tempo bastante longos, perxudicando tanto a apticulares como ó comercio xa que os particulares non atopan donde aparcar.

A venta encuberta de vehículos nos espazos públicos é un problema que se ven dando dende fai moito en tempo en moitas localidades de todo o noso territorio. A venta deste xeito supón:

-unha crara competencia desleal para os concesionarios de marca e compraventas que operan conforme á lei.

-Non contan coas autorizacións muinicpais para desenrolar a súa actividade, non pagan impostos nin están dados de alta no Imposto de Actividades Económicas.

-É o que é mais importante, están ocupando as prazas de estacionamento durante uns espazos de tempo moi longos. Co cual os veciños non atopan donde aparcar.

Esta práctica non debe ser confundida coa venta de vehículos de particular a particular, Operación totalmente lícita.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Entre as solucións atopadas para este problema noutros concellos atópanse:

-autorización municipal para a colocación destes cartaces

-que o vehículo teña Seguro en regra, ITV,

-limitación de tempo destas autorizacións e aparcamento nun mesmo lugar.

-Límite de autorizacións por veciño, etc

Por todo isto propoñemos:

A creación entre os tres grupos municipais dunha ordenanza que impida o mais possible, como hai noutras localidades, este xeito de venda ilícita e que a regule.

Carral, a 28 de setembro de 2018

Cesar Bergondo

Voceiro da Asemblea Cidadá de Carral".

O señor Bergondo Trillo indica que xa falou do asunto coa técnica xurídica do Concello e con varios vecinos, e que nun só día contou sete vehículos con cartaces de "se vende" e co mesmo teléfono. Considera que tal actividade é alegal, mais que incumpre varias normas e supón una competencia desleal, xa que ocupan un espazo público e non pagan tributos coma o IAE, polo que se propón a creación dunha ordenanza para regular tal fenómeno, como xa existen en varios concellos que esixen autorización municipal.


O señor Alcalde manifesta que lle parece ben, e que a Policía Local xa tomou nota de varios vehículos que viron nesa situación, e comunicou a necesidade dunha ordenanza ao respecto e de máis efectivos. Opina que, en calquera caso, o fenómeno foi a menos, mais empra a os voceiros dos distintos grupos municipais para traballar na materia, de xeito que exista tanta máis seguridade xurídica, mellor.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta o apoio do seu grupo á iniciativa, pois opina que é bo regular o espazo da vía pública, mais tamén coida que, en canto se faga a ordenanza, o importante é facela cumprir, a diferenza, na súa opinión, doutras aprobadas recentemente.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que componen a Corporación, presentes na sesión neste intre.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a moción, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que componen a Corporación, presentes na sesión neste intre, adoptando o seguinte acordo:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A creación entre os tres grupos municipais dunha ordenanza que impida o mais posible, como hai noutras localidades, este xeito de venda ilícita e que a regule.

8.2.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE “instando á Xunta de Galicia a adoptar urxentemente, medidas respecto á poboación crecente de xabaril e os danos causados por esta especie”.

EXPOSICIÓN

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) presentou por escrito (registro de entrada n.º 1.967, do 20 de setembro de 2018) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

*“O Grupo Municipal Socialista de Carral, de conformidade co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante este Pleno da Corporación Municipal a presente **MOCIÓN, INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR URXENTEMENTE, MEDIDAS RESPECTO Á POBOACIÓN CRECENTE DE XABARIL E OS DANOS CAUSADOS POR ESTA ESPECIE.***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os continuos estragos producidos polo xabaril que está ocasionando graves problemas económicos, ambientais, sociais e de seguridade viaria nos nosos territorios, especialmente nas economías rurais das familias e das explotacións gandeiras e agrícolas pola desfeita nas fincas e colleitas.

Danos económicos producidos nos cultivos e prados impedindo a sega e o ensilado, no millo, nas hortas e noutras produción e cultivos, coma a video u a castaña.

Danos medioambientais, ao inducir o abandono da actividade, o que provoca a colonización de terras agrarias por mato e leña, que supoñen un risco para os luns, especialmente cando se abandonan as agras nas contornas das casas, onde deixan de facer as función dun eficaz cortalumes.

E tamén competencia desigual con outras especies das que son predadores directos, especialmente nos contornos dos Espazos Naturais Protexidos, poñéndoas en risco de desaparición (aves, reptís, anfíbios, coellos e micro mamíferos): E mesmo riscos zoonosanitarios polo contaxio ás especies domésticas, de zoonoses das que son reservorios, como a tuberculose, peste porcina.

A maiores prodúcense danos en bens públicos de axardinamentos e zonas deportivas e incluso problemas de seguridade viaria con dous atropelos ao día de media en Galicia, ao atravesaren estradas e camiños rurais, risco non cuberto pola prima básica do seguro de circulación, o que provoca o incremento das primas de seguros das persoas que queiran asegurarse ante este risco.

Estes ataques do xabaril teñen como consecuencia un enorme incremento dos custes nas explotacións agrícolas e gandeiras profesionais que quedan, tanto no referido aos de alimentación como as necesidades de cercas, tanto convencionais como eléctricas, provocando o abandono dos cultivos tradicionais, profesionais e a tempo parcial por falta de rendemento e desesperación das persoas titulares das explotacións.

Ante estes acontecementos, as persoas damnificadas estanse dirixindo aos Concellos, como a Administracións máis próximas, expresando as súas inquedanzas por mor destes ataques que poñen en perigo a súa sustentabilidade económica.

Certamente a situación de hoxe en día, ten como antecedentes o excesivo incremento da poboación dos xabaris, un mamífero con grande capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

todo elo facilitado polo abandono das terras e do medio rural, así como pola escasa incidencia do único depredador natural que ten, que é o lobo.

Esta realidade, non foi acompañada de medidas proporcionais e eficaces de control que permitan una convivencia equilibrada e sostible desta especie animal con outras especies e coas actividades económicas, sociais e mendiambientais do noso contorno.

*É por iso que o Grupo Municipal Socialista considerando que é preciso encarar está problemática e buscar solución acaídas, presenta esta **MOCION diante do Pleno da Corporación para que a Xunta de Galicia asuma a grave problemática dos danos da fauna salvaxe nas explotacións gandeiras e agrícolas e que se tomen os seguintes acordos de resolución:***

O Pleno da corporación insta:

Á Xunta de Galicia a:

- 1.-Realizar, á máxima brevidade, un censo da poboación do xabaril e a súa distribución nas comarcas de Galicia.*
- 2.-Redactar e poner en marcha de xeito inmediato un plan de Xestión do xabaril, para estabilizar a súa poboación, e limitar os seus danos na agricultura, a gandería, a circulación viaria e o equilibrio medioambiental, de xeito consensuado cos sectores afectados.*
- 3.-Reformar a Lei de caza de Galicia, de xeito que se regule a colaboración entre cazadores e produtores agrarios para protexer os cultivos, obrigando á incorporación de plans de prevención de danos aos TECOR dentro do seu Plan de Ordenación Cinerxética, de forma que se teñan en conta os calendarios de cultivos e épocas sensibles aos danos para cada un deles e a nivel de parroquia.*
- 4.-Poñer en marcha o Fondo de Corresponsabilidade, para o pago de danos e medidas preventivas, que figura na Lei de Caza de Galicia, así como abrir una liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotacións e nos cultivos.*

E ao Concello de Carral a:

- 1.-Levar un inventario dos danos causados polo xabaril no Concello.*
- 2.-Realizar una campaña de información sobre os pasos a dar para denunciar os danos.*
- 3.-Colaborar cos cotos e produtores agrarios facilitando a comunicación continua entre ambos e axudando no posible nas tarefas de control da especie.*


Setembro de 2018

Asdo. Pablo Couto López

Voceiro do Grupo Municipal Socialista de Carral

ILMO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CARRAL”.

O señor Couto López manifesta que na prensa vén estes días que en Oleiros o xabaril está a producir danos en xardíns e, en Carral, que ten un rural máis amplo e produtivo, está a destrozar cultivos. Engade que a Lei de caza di que a Xunta é a competente para autorizar batidas de caza nos TECOR, mais que, no caso dos de Beira e Sumio, na súa opinión, estas non foron efectivas, xa que o couto precisa de máis persoal, e non sabe que problemas máis hai. Así, tras ler as súas propostas contidas na moción, manifesta que hai que chamar ao 012 sempre que consten danos, e que sería bo que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

o Concello fixese una campaña ao efecto, para que os vecinos saiban onde chamar, e se poida levar un control dos danos. En canto ao couto de Beira, opina que a presenza da N550 esixiría a participación de moita xente para protexer a vía, e considera que Protección Civil podería facelo, colaborando así cos cazadores.

O señor Alcalde resposta que é consciente do que hai, e que ten un argumentario do PP en contra das propostas. Engade que xa saben a cantidade de animais que hai, e que o Ministerio de Fomento, a Axencia Galega de Infraestruturas, a Dirección Xeral de Tráfico, a Garda Civil de Tráfico, os representantes dos cazadores ou as Consellarías de Medio Ambiente e Medio Rural están de acordo para, máis que matar, evitar que haxa tantos. Explica que, no tocante ao Concello, cando una persoa reclama que algún xabaril lle causou danos á súa produción de millo ou de patacas, por parte dos servizos de medio ambiente mándase automaticamente á Consellaría de Medio Rural un escrito explicando os danos e con fotos. Engade que se podería facer un bando para que se saiba que ese servizo se está a prestar, mais opina que meter a Protección Civil na N550 é moi perigoso, pois non se sabe por onde vai sair o xabaril, e Protección Civil non conta con tantos efectivos como gardas civís tiña Franco para protexer a estrada cando ía á Coruña e, por tanto, opina que o Concello non debería involucrase nese tema. Considera que si se poderían esixir á Xunta de Galicia cumprir as súas previsións de dotar 300.000 € máis este ano para pagar danos ocasionados e una tramitación máis sinxela, e tamén para os pequenos agricultores, xa que a maioría dos produtores de Beira sono para o autoconsumo. Indica asemade que no TECOR de Beira, para que a Xunta de Galicia autorice una batida, cómpre un mínimo de dez membros. Engade que se están a conceder aínda que teñen cazadores limitados e ás veces non se cumpre a lei ao cen por cen nas zonas vedadas nas que se agocha o xabaril e o axente forestal "*fai a vista gorda*". En calquera caso, considera que é complicado controlar o xabaril, mais que hai que evitar a súa proliferación, e que o seu grupo podería estar de acordo coa moción proposta se se retirasen os tres puntos finais, referidos ao Concello de Carral, pois o contido neles xa se estaría a facer.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que hai estudos que din que é bo cazar os xabarís, e outros que non. Así, algún feitos en Cantabria ou en Francia indican que, cantos máis se cazan, máis aumenta a súa poboación, porque as femias xa están xestando aos dous anos, en lugar do normal, que é que teñan a súa primeira xestación aos cinco ou seis anos. Opina, logo, que moitas veces as batidas son prexudiciais, e que asociación coma Libera consideran que é mellor "*capalos*" para que non haxa tanta reprodución. O señor Alcalde replica que "*a ver quen os pilla para capalos*", ao que o señor Bergondo resposta que se poderían utilizar dardos.

Pola súa banda, o señor Couto manifesta que en Francia lles botan comida para que non vaian aos cultivos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Alcalde que Unións Agrarias chegou a un convenio coa Xunta de Galicia para que informen aos gandeiros e agricultores sobre o que teñen que facer e lles dean charlas, e para o outorgamento de subvencións para pastores eléctricos.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por doce votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE, presentes na sesión neste intre, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON).

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a moción, do xeito consensuado (eliminando os tres puntos referentes ao Concello de Carral de que constaba a proposta), en votación ordinaria, por doce votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE, presentes na sesión neste intre, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON), adoptando o seguinte acordo:


O Pleno do Concello de Carral insta á Xunta de Galicia a:

- 1.-Realizar, á máxima brevidade, un censo da poboación do xabaril e a súa distribución nas comarcas de Galicia.
- 2.-Redactar e poñer en marcha de xeito inmediato un plan de xestión do xabaril, para estabilizar a súa poboación, e limitar os seus danos na agricultura, a gandería, a circulación viaria e o equilibrio medioambiental, de xeito consensuado cos sectores afectados.
- 3.-Reformar a Lei de caza de Galicia, de xeito que se regule a colaboración entre cazadores e produtores agrarios para protexer os cultivos, obrigando á incorporación de plans de prevención de danos aos TECOR dentro do seu Plan de Ordenación Cinerxética, de forma que se teñan en conta os calendarios de cultivos e épocas sensibles aos danos para cada un deles e a nivel de parroquia.
- 4.-Poñer en marcha o Fondo de Corresponsabilidade, para o pago de danos e medidas preventivas, que figura na Lei de Caza de Galicia, así como abrir una liña de axudas económicas, para facer fronte aos danos que ocasiona nas explotacións e nos cultivos.

9.-ROGOS E PREGUNTAS.

9.1.-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo pregunta ao señor Alcalde se pode falar das súas últimas xuntanzas no Consorcio das Mariñas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.- O señor Bergondo Trillo pregunta se se adoptou algunha medida en relación ao vertedoiro do Marco das Eiras.

3.- Pregunta se falou coa Xunta de Galicia para arranxar os problemas de acceso aos garaxes derivados da obra realizada na rúa Uxío Novoneira.

4.- Indica que, polo visto, no Punto Limpo seguen a regalar chatarra a quen queren. Engade que está avisada a Policía Local e a Garda Civil e pregunta se van tomar algunha medida ao respecto.

5.- Indica que, segundo as informacións dos vecinos de Andeiro, a Deputación licitou o 17 de decembro de 2017 unha obra na vía de Castelo-Andeiro a Sergude cun orzamento máximo de 108.000 €, no que se preveía a limpeza das marxes, retirar o actual pavimento e incorporar un novo, mais que, segundo o que indican os vecinos e usuarios, só se limpou dende entón un valado cunha máquina (sen rozar, pois se refiren ao talude) e tapáronse tres buratos contados, con perigo para ciclistas, consutores e peóns ao tocar os freos sobre tales pedras. Pregunta se o Concello vai tentar de amañar as deficiencias mencionadas.

9.2.-Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

O señor Couto López pregunta como se informou o expediente de solicitude de instalación dunha gasoleira á beira do Instituto de Ensino Secundario.

9.3.-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde indica ao señor Bergondo que, no tocante ao Consorcio das Mariñas, ás veces enteirase máis pola prensa que polo que se acorda. Considera que ultimamente, ao irse Arteixo, e dado que, na súa opinión, existe nas directrices nacionais ao respecto algunha lacuna, o Consorcio queda adscrito ao Concello con máis entidade en canto a poboación e orzamento, que arestora é Oleiros, trala marcha de Arteixo. Considera que foron moi xenerosos con Arteixo, que pediu una prórroga até agosto, xa que non implantaran o seu sistema de recollida de lixo. Engade que hai zonas rurais nas que aínda usan os colectores que non entregaron na campa acordada, e que hai uns oito días se lles remitiu un requirimento para que os devolvesen. Opina que, dende que está adscrito a Oleiros, este Concello quere dirixilo, pero han de ter en conta que está formado por oito Concellos de xeito voluntario e non obrigatorio, que queren cumprir en relación á información que deben proporcionar e en relación ás tomas de decisión, que sempre foron por unanimidade sen ter que votar a man alzada até a marcha de Arteixo, do que é coñecedor o Concello de Oleiros. Manifesta que non sabe cales son as pretensións do Concello de Oleiros, mais parécelle que quere facerse ver máis do normal. Explica que non hai secretario nin interventor habilitados nacionais no Concello de Oleiros, como sería a súa obriga, pois "*non paran alí*", polo "*acolledor*" que debe de ser. Así, explica que se contratou "*de forma arbitraria*" una auditoría da Conta Xeral do Consorcio de 2017, mediante un contrato menor, sen pregos informados por habilitados nacionais, e que hoxe saíu un



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

informe dos habilitados nacionais do Consorcio das Mariñas segundo o cal non se pode facer ese contrato. Oleiros di que o fai para non prexudicar ás súas contas, mais o Consorcio sempre ten un superávit anual de arredor dun millón de euros. Engade que non sabe “*con qué sairá*” o Alcalde de Oleiros, mais indica que o Alcalde de Culleredo lle fixo un órdago, ao considerar que un ente de participación voluntaria non pode estar supeditado ao que decida un só dos concellos que o integran. Considera que son habituais as “*arroutas*” do alcalde de Oleiros, e que en moitas ocasións o que lles di aos Alcaldes do Consorcio sae logo ao revés na prensa. Por exemplo, explica que hai varios anos que se viñan contratando monicreques, para mentalizar de xeito lúdico sobre a reciclaxe, mais que, ao haber dúbidas sobre se estaban vencellados ao lixo, lacería ou servizos sociais, este ano quedamos sen Galicreques e non se contrataron. Considera que esta é una cuestión menor, mais que o resto non, e que non está a dicir a verdade do que está a pasar en relación ao servizo de limpeza. Opina que é mellorable e que habería que repoñer algúns colectores, ou corrixir a suciedade que se produce na rúa Uxío Novoneira ao cargar o lixo, así coma o que denuncia en canto ao Punto Limpo, que ten prohibido que se produza o que di o señor Bergondo, e do que darán traslado ao Consorcio das Mariñas para que adopte as medidas correspondentes.

No tocante á obra da Rúa Uxío Novoneira, explica que está sen recepcionar, e que xa se fixo un informe técnico esixindo o que hai que cumprir, e que espera non ter que asumir a resolución das deficiencias á que xa se comprometeu cos vecinos.

Explica que xa se limpou o Marco das Eiras catro veces no que vai de ano, e que está farto de que se siga vertendo alí lixo. Engade que se comunicou ao SEPRONA e que colleron a un responsable, e que hai un mes estaba limpo. Explica que fixeron un amago de instalar cámaras das que usa Medio Rural para o control de incendios, mais que non é fácil resolver o problema, pois habería que valar o terreo ou poñer pedras para que non se poida baleirar alí o lixo.

Explica que Andeiro non está no municipio de Carral, e que as obras son da Deputación (o señor Bergondo confirma que xa dixo que son da Deputación). Por outra banda, manifesta que agradecería que explicase a cuestión o señor voceiro do PSdeG-PSOE pola súa vinculación co departamento de Vías e Obras da Deputación. O señor Couto López explica que a obra aínda se adxudicou a semana pasada.

No referente á gasoleira que se pretende instalar ao lado do Instituto de Ensino Secundario, explica que a Xunta de Galicia comunicou a existencia dunha solicitude para a instalación dun surtidor, aos efectos da emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico municipais, con independencia dos sectoriais (de Educación, Fomento...) ou do taller veciño. Engade que o uso de gasoleira dese tipo ou doutro non cumpre para esa parcela as normas subsidiarias en vigor, e que por iso se informou desfavorablemente e que, ao non cumprir, a Xunta de Galicia arquivou o expediente. Manifesta que non sabe se haberá por iso un contencioso e que, se cumprise a normativa, habería que aceptalo, mais ao non cumprir, está perfectamente xustificado que esa parcela non é apta para iso.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-15021001

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Ás **12:59** horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourinho

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval